

## Procedemento de solicitude e de matrícula en módulos profesionais de ciclos formativos de grao medio e superior da oferta modular (modalidade presencial, a distancia)

O alumnado interesado en cursar, o vindeiro curso, módulos profesionais da oferta modular, tanto da modalidade presencial como a distancia, deberá someterse a un novo procedemento de admisión, igual que si se empezara de novo no centro.

Para tal fin, deberá:

- Presentar unha solicitude de admisión:  
Deberase cubrir unha única solicitude para cada modalidade e grao, utilizando o asistente informático que estará dispoñible en [www.edu.xunta.gal/ciclosadmission](http://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission). A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de FP sostida con fondos públicos, para ser selada, datada e validada.
  - Prazo de solicitude: do 24 xuño ás 09:00 ao 4 xullo ás 13:00 horas.
- Comprobar que a súa solicitude estea correctamente recollida na listaxe provisional de solicitudes.
  - Publicación o 10 de xullo na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.
  - De non ser así: poderá presentar unha reclamación do 10 de xullo ás 09:00 horas ata as 13:00 horas do 12 de xullo.
- Comprobar que figura na listaxe definitiva de solicitudes.
  - Publicación o 17 de xullo na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.
- Comprobar que está adxudicado:
  - Publicación da 1ª adxudicación o 17 de xullo na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.
  - Publicación da 2ª adxudicación o 24 de xullo na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.
  - Publicación da 3ª adxudicación o 2 de setembro na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.
- Formalizar a súa matrícula:
  - Documentación:
    - Reserva de matrícula a través da aplicación web [www.edu.xunta.gal/ciclosadmission](http://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission), ou impreso dispoñible en conserxería. Para o alumnado da modalidade presencial, ademais da reserva, será obrigatorio entregar na secretaría do centro unha única solicitude de matrícula.
    - Xustificante de pago do seguro escolar:  
O alumnado deberá aboar 1,12 € na conta ES90 2080 0314 3130 4001 3224 de Abanca (só menores de 28 anos).
  - Prazo de matrícula (1ª adxudicación): do 17 de xullo ás 9:00 ao 22 de xullo ás 13:00 horas.
  - Prazo de matrícula (2ª adxudicación): do 24 de xullo ás 9:00 ao 31 de xullo ás 13:00 horas.
  - Prazo de matrícula (3ª adxudicación): do 2 de setembro ás 9:00 ao 5 de setembro ás 13:00 horas.

Toda a información ao respecto está publicada en [www.edu.xunta.gal/fp/ven-fp](http://www.edu.xunta.gal/fp/ven-fp) e en [www.edu.xunta.gal/ciclosadmission](http://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission).



## Alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de FCT (e/ou de Proxecto, no caso de ciclos de grao superior)

Este alumnado poderá formalizar a súa matrícula para estes módulos, sempre que non teña esgotado o número máximo de convocatorias. Para tal fin deberá presentar unha solicitude de reserva de praza, a presentación da solicitude terá consideración de matrícula:

- Documentación:
  - Impreso de solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos. (dispoñible en conserxería).
  - Xustificante de pago do seguro escolar  
O alumnado deberá aboar 1,12 € na conta ES90 2080 0314 3130 4001 3224 de Abanca. (só menores de 28 anos).
- Prazo de solicitude: do 24 xuño ás 09:00 ao 4 xullo ás 13:00 horas.